

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Licitación de contrato de concesións administrativas para a xestión dos servizos de saneamento e depuración do Concello de Vedra

ANUNCIO

Anuncio polo que se convoca procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración para a adxudicación do contrato de concesión administrativa para a xestión dos servizos de saneamento e depuración do Concello de Vedra

1) Entidade adxudicadora.

Datos xerais e obtención de información:

- a) Organismo: Concello de Vedra
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral
- c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello. Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 1, 15885 Vedra. Teléfono 981-814612. Fax 981-503331. Correo electrónico: mercedes.pereiras@vedra.dicoruna.es.

Perfil do contratante: www.concellodevedra.com

2) Obxecto do contrato.

Tipo: servizos.

Descrición do obxecto: prestación do servizo público vinculado ao saneamento e á depuración do Concello de Vedra mediante xestión indirecta en réxime de concesión administrativa, de acordo co artigo 277.a) do RD-L 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Lugar de execución: termo municipal de Vedra.

Prazo de execución: a duración do contrato será de dous anos coa posibilidade dunha prórroga. A duración total do contrato incluídas as prórrogas non poderá exceder de 4 anos.

3) Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto, varios criterios de adxudicación.

Forma: concurso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2015.

Criterios de adxudicación: os enumerados no capítulo 2.9 do prego de cláusulas administrativas.

4) Valor estimado do contrato: 61.299,27 €/ano. Importe total tendo en conta as posible prórrogas é de 245.197,08 €.

5) Orzamento base de licitación: 67.429,20 €/ano. Importe total coas posibles prórrogas: 269.716,80 €.

6) Garantías esixidas.

Provisional: non se esixe.

Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

7) Requisitos específicos do contratista.

A solvencia económica e financeira, e solvencia técnica acreditarase segundo se especifica no correspondente prego de cláusulas administrativas.

8) Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: ata as 14.00 horas do décimo quinto día natural dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

b) Documentación a presentar: a indicada no prego.

c) Lugar de presentación: as proposición poderán presentarse por correo, telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9) Apertura de ofertas.

A constitución da mesa de contratación anunciarase no perfil do contratante.

10) Gastos de publicidade: son por conta do adxudicatario.

Vedra, 17 de xullo de 2015.

O ALCALDE

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

2015/7901